


# eixos

415.302

00800

0250.5387.46



Un Documental de Manuel Silva

**AUTOR**

Manuel Silva Piñeiro



**PROXECTO**

Documental en soporte dixital

**DURACIÓN**

26 min.

**FORMATO**

1920x1080 HD Cor

**IDIOMA**

Español / Subtítulos: Ingles, Galego

**TARGET**


Orientado a un amplo público e especialmente a persoas ou entidades que teñan relación coas actividades que se mostran (bmx, skate, surf, mtb, graffiti) ademais de público ao que lle guste as creacións audiovisuais deportivas ou máis alternativas.

*Eixos* é unha mostra de como latezan corazóns ao ritmo duns deportes alternativos cheos de adrenalina e paixón.

Ao redor do BMX, do Skate, do Surf ou do MTB seremos testigos de excepción da tremenda importancia que representan estes deportes para moitos mozos e mozas.

Amosaremos dende unha óptica cotiá, como moitos camiños se entrelazan, como se forxan amizades e se crean grupos sólidos como rochas compartindo asfalto, skateparks e unha riquísima cultura urbán.

Esta peza pretende ter unha visión global deste mundo, extrapolable a calquera lugar, un mundo infinitamente pequeno e audaz.



DIRECCIÓN

Manuel Silva

GUIÓN

Manuel Silva

AXUDANTES DE PRODUCCIÓN

Diana Torre

Alberto Pouso

Manuel Silva

CÁMARAS

Pablo Chouza

Diana Torre

Javier Perez Novelle

Manuel Silva

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Manuel Silva

SON

Javier Ruiz

Manuel Silva

MONTAXE

Manuel Silva

POSPRODUCCIÓN

Manuel Silva

MÚSICA

Cró [www.spacecro.com](http://www.spacecro.com)

Ekkaiia [www.myspace.com/ekkaiaicrust](http://www.myspace.com/ekkaiaicrust)

Fluzo [www.fluzeando.com](http://www.fluzeando.com)

Nashgull [www.myspace.com/nashgul](http://www.myspace.com/nashgul)

Pülsar [www.myspace.com/pulsarband](http://www.myspace.com/pulsarband)

Toundra [www.myspace.com/toundraband](http://www.myspace.com/toundraband)



MANUEL SILVA

EQUIPO TÉCNICO

MANUEL SILVA Diseñador, ilustrador, montador e director, diplomado en:

EA Pablo Picasso (A Coruña)

EA Mestre Mateo (Santiago de Compostela)

ECIB (Barcelona)

Dende 2007 ata a actualidade realiza diferentes traballos no mundo audiovisual con diferentes produtoras (Finetea, Artefacto Producións, Imaxcam, Fungo, Domovoi Dixital...)

Traballos máis destacados:

Leo (Fernando Cortizo 2008) Artefacto Producciones.

Curtametraxe de animación realizada coa técnica de Stop Motion.

Cargo: Deseño e modelado deseño gráfico e a posproducción de vídeo.

Seleccionado entre as 5 mellores curtametraxes do audiovisual galego en 2009.

Cool Flowers (Manuel Silva 2009) Mon Ferbal.

Anuncio da colección Cool Flowers. Cargo: Dirección, edición, posproducción de vídeo e deseño gráfico. Seleccionado nos premios *Despuntan 2010*.

O Cheque (Estevo Silva 2009) Anestesia Producións.

Curtametraxe de acción. Cargo: Edición, posproducción de videodeseño gráfico. Finalista da *Mostra de Curtas de Noia 2009*.

Canciones de Piedra (Alejandro Goris 2010) Finetea Audiovisuales.

Curtametraxe documental, que relata a vida duns músicos na rúa. Cargo: Motion Graphics. Seleccionado en *Curtocircuito 2010*.

Muro Público (Pablo Outón 2010) Lentus Audiovisuales.

Curtametraxe documental, realizado coa técnica de estafe lapse. Cargo: Edición, posproducción de vídeo e deseño gráfico. Seleccionado en *Vigo Transforma 2011*.

Perdidos en Galicia (Nacho Abia 2011) Domovoi Dixital.

Programa de TV (reality espectáculo) que mostra as vivencias dun grupo de mozos que fan a ruta de Viveiro a Baiona.

Cargo: Axudante de edición.

*Eixos* pretende achegarnos ás vidas de persoas que practican estas actividades converténdolas en algo máis que un deporte, é unha paixón, unha forma de vida que os enriquece a nivel persoal e os une a un colectivo, onde compartirán vivencias e situacións que conformarán o eixo da obra.

Representar a realidade de como un reducido grupo da sociedade adopta un comportamento apartado dos circuítos convencionais de ocio e sociais é a finalidade principal desta peza.

Non se pretende reflectir estas actividades nun sitio concreto, xa sexa un skatepark unha cidade ou país, senón que estas experiencias poderíanse extrapolar a calquera lugar do mundo onde se practiquen estas actividades.

Os momentos que teñen para reunirse e practicar son o punto de partida da peza, intercálanse con imaxes de entrevistas que crean a narrativa da obra que representa a idiosincrasia dos seus colectivos.

## MONTAXE E GRAVACIÓN

A montaxe a partir de certo paralelismo entre ás vidas dous diferentes protagonistas, mostra os seus aspectos individuais e distintivos, ata representar os puntos que teñen en común entre eles, o carácter colectivo.

As imaxes das actividades deportivas achegan ao proxecto dunha linguaxe visual máis dinámico, próximo ao mundo do videoclip, contrastándoo

e diferenciándoo da parte máis documental, onde a música colle protagonismo e achéganos á percepción que teñen os protagonistas a hora de practicar á súa afección.

Estas imaxes deportivas están moi traballadas a nivel visual. Utilizáronse varias cámaras con distintas funcións, para obter diferentes visións da práctica.

Unha cámara fixa, outra en movemento e a cámara travelling iranse mesturando na montaxe con tratamento dá multicámara, dotando aos planos dun dinamismo propio da linguaxe visual deportiva.

Ópticas angulares, ollos de peixe, para conseguir encadres máis amplos que nos fan gozar coa beleza dos movementos.

Optaremos por unha gravación cun alto nivel de fotogramas para conseguir efectos de cámara lenta de gran calidade, traballadas posteriormente con ferramentas de posproducción, para conseguir imaxes atractivas.

Por outra banda, o tratamento visual na parte documental realizouse cámara en man para ter liberdade de movementos e achegar dinamismo e realidade a estas escenas.

A elección dos protagonistas foi proceso dunha selección na cal se valoraron diferentes criterios (idade, sexo, nacionalidade, actividade...) para que o espectro de protagonistas fose dos máis amplo e para dotar á peza dunha pluralidade de personaxes que representen as diferenzas e similitudes entre eles.

A súa colectividade dá lugar a encontros con repercusión social en eventos musicais, eventos deportivos (O Marisquiño), exhibicións, onde nos encontraremos con algúns dos protagonistas nacionais e internacionais.



**PERFECTO VILASOA A Coruña. 38 anos. SURF/SKATE**

Comeza nos 90 practicando de modo afeccionado skate pero cos anos afecciónase primeiro ao Bodyboard e logo ao Surf, na zona de Castro de Baroña. Colabora con Stinky Tofu.



**MACK MCKELTON** Berlín. 25 anos. SKATE

Nace en Sudáfrica, dende moi novo interésase polo surf, cando se traslada a Berlín comeza a patinar, na actualidade practica o skate de modo profesional. Viaxa por todo o mundo percorrendo os eventos deportivos patrocinado por grandes marcas.

[www.mackmckelton.com](http://www.mackmckelton.com)



**EDGAR GONZALEZ CORDERO (Pequesaurio)** Vigo. 15 anos. BMX

Patrocinado por diferentes marcas e tendas, participou en diferentes campionatos nos que logrou bos resultados co equipo Cromoly.


[www.pequesaurio.com](http://www.pequesaurio.com)





LEANDRO FABIAN Chile. 23 anos. SKATE

Veiu a vivir a España despois de practicar Skate no seu pais natal, Chile.



ALVARO PASTOR Bilbao. 37 años. SKATE

Nace no Pais Vasco trasládase a Galicia esta a camiño entre Cangas e Vigo.  
Leva máis de 15 anos patinando e participando en eventos.  
Forma parte da organización de Festival O Marisquiño.





**VARO RIOBÓ** Cangas. Vigo. 23 anos. BMX

Presidente da asociación de bikers de Cangas, obtivo bos resultados nas súas participacións en campionatos.

Dedícase á venda e reparación de bicicletas en tendas especializadas.

**DIEGO RODRIGUEZ** Uruguay. 29 anos. SKATE  
 Leva patinado máis de 9 anos dende que se trasladou á Coruña a vivir.  
 Forma parte do equipo Molequeskateboards.  
[www.molequestudio.com](http://www.molequestudio.com)





SARINI Asturias. 29 anos. SKATE

Vive en Andorra onde practica Snowboard, cando o tempo non llo permite busca no Skate unha valvula de escape.



MANUEL CASTRO A Coruña. 24 anos. SKATE

Nace na Coruña pero patina en Francia, Madrid e en diferentes cidades de España.

[www.molequestudio.com](http://www.molequestudio.com)



**ADÁN RIVAS** Cambre. A Coruña. 23 anos. BMX  
 Practica BMX de modo afeccionado dende os 15 anos.



**NINE** A Coruña. 30 anos. GRAFFITI/SKATE  
 Artista gráfico, influenciado pola cultura skater.  
 Presidente da Asociación Coruñesa de Skate. Patina dende hai máis de 10  
 anos e participou en eventos de modo profesional.  
[www.flickr.com/photos/umc/779351570/](http://www.flickr.com/photos/umc/779351570/)

**DANIEL LÓPEZ MARTÍN** A Coruña. 30 años. SKATE / FOTOGRAFO  
Comeza practicando surf nos arredores da súa cidade natal.  
Posteriormente o skate convértese na súa paixón, que compaxina coa súa  
profesión, a fotografía.  
[www.lopezmartinfoto.com](http://www.lopezmartinfoto.com)



CONTACTO

MANUEL SILVA

Santiago de Compostela

bisgue@gmail.com

615 294 069

